

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

10535 Orde ITC/1668/2011, do 10 de xuño, pola que se regula a prestación dos servizos de comunicacións móbiles a bordo de buques (servizos de MCV).

Os servizos de comunicacións móbiles a bordo de buques, identificados pola sigla MCV (Mobile Communication on board Vessels), son servizos de prestacións similares aos de telefonía móbil de segunda xeración GSM, dispoñibles a bordo dos buques de carga ou de pasaxeiros que navegan nos mares territoriais da Unión Europea e en augas internacionais. Os sistemas que prestan servizos de MCV teñen por obxectivo complementar a conectividade móbil existente cando operan nas zonas dos mares territoriais dos Estados membros da Unión Europea segundo se definen na Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar, que non están cubertas polas redes de comunicacións móbiles terrestres que son obxecto da Decisión da Comisión relativa á harmonización das bandas de frecuencias de 900 MHz e 1 800 MHz para os sistemas terrestres capaces de prestar servizos paneuropeos de comunicacións electrónicas na Comunidade.

Poderán usar o servizo MCV aqueles pasaxeiros ou a tripulación do buque que sexan abonados dun operador de comunicacións móbiles co cal o operador prestador dos servizos MCV teña subscrito un acordo de itinerancia.

A Comisión Europea, mediante a Decisión 2010/166/UE, do 19 de marzo de 2010, relativa ás condicións harmonizadas de utilización do espectro radioeléctrico para os servizos de comunicacións móbiles a bordo de buques (servizos de MCV) na Unión Europea, harmonizou as condicións técnicas mediante as cales se prestarán os servizos de MCV, establecendo, entre outras obrigas, que os países membros reservarán, cando menos, 2 MHz en cada sentido de transmisión, nas bandas de frecuencias de 900 e/ou 1800 MHz para a prestación dos ditos servizos. Así mesmo, a Comisión Europea, mediante a Recomendación 2010/167/UE, relativa á autorización dos sistemas para os servizos de comunicacións móbiles a bordo dos buques (servizos de MCV), establece unha serie de recomendacións aos Estados membros destinadas a harmonizar a normativa reguladora da prestación dos ditos servizos.

Adicionalmente, a Conferencia Europea de Administracións de Correos e Telecomunicacións (Decisión ECC/DEC/(08)08 e Informe 28 da CEPT), así como o Instituto Europeo de Normas de Telecomunicacións, definiron condicións e características técnicas que permiten a prestación harmonizada dos servizos de MCV.

As condicións de prestación dos servizos exclusivamente a bordo dos buques e, en consecuencia, as súas características técnicas asociadas, implica que os servizos de MCV deban ser considerados como novos servizos de comunicacións móbiles distintos doutros servizos de comunicacións móbiles terrestres de prestacións similares.

A harmonización da normativa sobre o uso do espectro radioeléctrico na Unión Europea debería facilitar o despregamento e a utilización dos servizos de MCV na Unión Europea, sendo os seus obxectivos principais evitar as interferencias prexudiciais para as redes móbiles terrestres e impedir a conexión aos sistemas que prestan servizos de MCV cando sexa posible conectarse ás redes móbiles terrestres.

Por último, desde o punto de vista regulatorio é preciso diferenciar a prestación dos servizos de MCV a bordo de buques matriculados en España, para a cal se exige a obtención dunha concesión para o uso privativo do dominio público radioeléctrico, dos matriculados noutros países e que presten o servizo en augas baixo xurisdición española, para a cal non se exige autorización de ningún tipo, en aplicación da normativa internacional sobre dereitos do mar, aínda que tecnicamente deberán cumprir o especificado no anexo desta orde.

A existencia dunha concesión administrativa nos casos en que xuridicamente resulte posible (buques matriculados en España) persegue exclusivamente que a Administración dispoña de información suficiente para asegurar que o risco de interferencias a outros servizos de telecomunicacións e fundamentalmente aos sistemas de telefonía móbil terrestre. Neste sentido, transcorrido un período prudencial que permita verificar este dato, deberá procederse a unha revisión da existencia de concesión administrativa para a prestación dos servizos de MCV, substituíndoa, de ser o caso, pola simple existencia do cumprimento das características contidas no anexo á orde.

Contouse, para a elaboración desta norma, co informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, de acordo co previsto na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións. Así mesmo, realizouse o preceptivo trámite de audiencia a través do Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información, conforme o artigo 2.b) do Real decreto 1029/2002, do 4 de outubro, polo que se establece a composición e o funcionamento do dito órgano colexiado.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Constitúe o obxecto desta orde o establecemento das condicións para a prestación dos servizos de comunicacións móbiles a bordo de buques (servizos de MCV), en mares territoriais baixo xurisdición española nos termos recollidos na Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar, así como a definición das condicións técnicas en que poderán ser prestados os ditos servizos.

2. Os enlaces de conexión necesarios para a prestación dos servizos de MCV entre o buque e a estación espacial de satélite e entre esta última e terra non son obxecto de regulación desta orde, e éelles de aplicación a súa regulación específica.

Artigo 2. *Definición dos servizos.*

Os servizos de comunicacións móbiles a bordo de buques, servizos de MCV, son os servizos de comunicacións electrónicas prestados por un operador para que os pasaxeiros ou a tripulación poidan comunicarse a través das redes públicas de comunicacións que utilizan o sistema GSM, sen establecer conexións directas coas redes móbiles terrestres.

Artigo 3. *Condicións técnicas dos servizos.*

1. As condicións técnicas de funcionamento dos servizos de MCV a bordo de calquera buque en mares territoriais baixo xurisdición española serán, en concordancia co establecido na Decisión da Comisión Europea 2010/166/UE, do 19 de marzo de 2010, as que se especifican no anexo a esta orde.

2. Os servizos de MCV non deberán causar interferencias prexudiciais a outros servizos de radiocomunicacións autorizados, especialmente aos servizos prestados polas redes de telefonía móbil terrestre naquelas zonas dos mares territoriais en que estas últimas ofrezan cobertura.

Artigo 4. *Seguridade marítima e seguridade pública.*

A prestación dos servizos de MCV efectuarase sen prexuízo do cumprimento dos acordos internacionais e da normativa nacional no ámbito da seguridade marítima e a seguridade pública.

CAPÍTULO II

Prestación dos servizos de MCV a bordo de buques matriculados en España

Artigo 5. *Prestación do servizo a bordo de buques matriculados en España.*

1. Os interesados na prestación dos servizos de MCV a bordo de buques matriculados en España nos mares territoriais baixo xurisdición española deberán, ademais de estaren inscritos no Rexistro de Operadores da Comisión do Mercado das Telecomunicacións como operadores de servizos de MCV, dispor dunha concesión administrativa, que se outorgará sen limitación de número, de uso privativo do dominio público radioeléctrico específica para esta prestación.

2. As concesións administrativas de uso privativo do dominio público radioeléctrico para a prestación dos servizos de MCV cumprirán as condicións técnicas establecidas no anexo a esta orde.

Artigo 6. *Réxime xurídico da concesión demanial.*

O réxime xurídico da concesión demanial para a prestación dos servizos de MCV está constituído pola Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, o seu regulamento de desenvolvemento no relativo ao uso do dominio público radioeléctrico, aprobado polo Real decreto 863/2008, do 23 de maio, a Orde ITC/332/2010, do 12 de febreiro, pola que se aproba o cadro nacional de atribución de frecuencias, e o Real decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas, e, con carácter supletorio, a Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas, así como as demais normas que resulten de aplicación.

Artigo 7. *Outorgamento da concesión demanial.*

O procedemento de outorgamento da concesión demanial para a prestación dos servizos de MCV será o procedemento xeral sen limitación de número establecido na sección I do capítulo II do título IV do Regulamento de desenvolvemento da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, no relativo ao uso do dominio público radioeléctrico, aprobado polo Real decreto 863/2008, do 23 de maio.

Artigo 8. *Extinción e revogación da concesión demanial.*

1. A concesión demanial para a prestación dos servizos de MCV extinguirse e revogarase polas causas establecidas nos artigos 27 e 28 do referido Regulamento de desenvolvemento da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, no relativo ao uso do dominio público radioeléctrico.

2. En particular, é causa específica de revogación da concesión demanial cando o servizo se preste sen cumprir as condicións técnicas establecidas no anexo a esta orde.

Artigo 9. *Obriga de información.*

Os operadores que presten servizos de MCV a bordo de buques matriculados en España teñen a obriga de remitir á Axencia Estatal de Radiocomunicacións información actualizada sobre as compañías navieiras a que pertencen os buques en que prestan os servizos de MCV, así como o número total de buques nos que os prestan.

Artigo 10. *Taxas.*

A concesión demanial para a prestación dos servizos de MCV xerará a taxa por reserva do dominio público radioeléctrico establecida no anexo I, número 3, da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, e os seus titulares están obrigados tamén ao pagamento do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

CAPÍTULO III

Prestación dos servizos a bordo de buques non matriculados en España

Artigo 11. *Prestación dos servizos a bordo de buques non matriculados en España.*

1. Non se require ningunha autorización das autoridades españolas para a prestación dos servizos de MCV nos mares territoriais baixo xurisdición española en buques non matriculados en España. Non obstante, en todo caso, a prestación do servizo estará suxeita ao cumprimento das condicións técnicas establecidas no anexo a esta orde.

2. No suposto de que os servizos de MCV se presten en buques matriculados fóra da Unión Europea, é necesario adicionalmente que os ditos servizos estean rexistrados de conformidade coas normas pertinentes da Unión Internacional de Telecomunicacións (UIT).

3. En todo caso, os operadores que presten os servizos de MCV nos mares territoriais baixo xurisdición española en buques non matriculados en España teñen a obriga de remitir á Axencia Estatal de Radiocomunicacións información actualizada sobre as compañías navieiras a que pertencen os buques en que prestan os servizos de MCV.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio ata a efectiva constitución da Axencia Estatal de Radiocomunicacións.*

As competencias e funcións que se atribúen nesta orde á Axencia Estatal de Radiocomunicacións serán exercidas polos órganos competentes do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ata a efectiva constitución daquela, momento en que, de conformidade co disposto no artigo 47 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, pasará a corresponder o seu exercicio ao dito organismo.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de aplicación.*

Facúltase a Axencia Estatal de Radiocomunicacións para ditar as instrucións que se consideren necesarias para a aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de telecomunicacións recoñecida no artigo 149.1.21ª da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 10 de xuño de 2011.—O ministro de Industria, Turismo e Comercio, Miguel Sebastián Gascón.

ANEXO

Condicións técnicas que deben cumprir os sistemas que presten servizos de MCV nos mares territoriais baixo xurisdición española

Os sistemas para a prestación dos servizos de MCV en mares territoriais baixo xurisdición española deberán cumprir as seguintes condicións:

1. Para os efectos de definir as condicións técnicas baixo as cales funcionan os sistemas que presten servizos de MCV, entenderase por:

a) «Banda de 1800 MHz», a banda de 1710-1785 MHz para o enlace ascendente (terminal transmisor a estación base receptora) e de 1805-1880 MHz para o enlace descendente (estación base transmisora a terminal receptor).

b) «Sistema GSM», unha rede de comunicacións electrónicas que se axusta ás normas sobre o GSM publicadas polo Instituto Europeo de Normas de Telecomunicación, en particular a EN 301 502 e a EN 301 511.

c) «Estación transceptora base no buque (EB do buque)», unha picocela móbil localizada nun buque e que soporta os servizos de GSM na banda de 1800 MHz.

2. Os servizos de MCV basearase en sistemas GSM utilizando a banda de frecuencias de 1800 MHz.

3. Os sistemas do MCV garantirán que nas zonas en que as redes terrestres presten servizos, os terminais móbiles non se conectarán aos ditos sistemas MCV e que non impedirán aos terminais móbiles conectarse ás redes terrestres.

4. Non deberá utilizarse o sistema que presta servizos de MCV a menos de dúas millas náuticas (unha milla náutica equivale a 1852 metros) da liña de costa, segundo se define na Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar.

5. A unha distancia de entre dúas e doce millas náuticas da liña de costa utilizaranse soamente antenas de EB de buque en interiores.

6. Imporanse os seguintes límites aos terminais móbiles que se usen a bordo dun buque e ás EB de buque:

Parámetro	Descrición
Potencia/densidade de potencia de transmisión	Para os terminais móbiles usados a bordo dun buque e controlados pola EB do buque na banda de 1 800 MHz, a potencia de saída radiada máxima será: 0 dBm.
	Para as estacións base a bordo dun buque, a densidade de potencia máxima medida nas zonas exteriores do buque, con referencia a unha medición da ganancia de antena de 0 dBi, será: 80 dBm/200 kHz.
Regras sobre o acceso ás canles e á súa ocupación	Utilizaranse técnicas para reducir a interferencia que ofrezan unhas prestacións, cando menos, equivalentes aos seguintes factores de redución, baseados nas normas do GSM: Entre dúas e tres millas náuticas de distancia á liña de base, a sensibilidade do receptor e o limiar de desconexión [niveis ACCMIN ⁽¹⁾ e min RXLEV ⁽²⁾] do terminal móbil utilizado a bordo dun buque serán iguais ou superiores a -70 dBm/200 kHz, e entre tres e doce millas náuticas de distancia á liña de base, iguais ou superiores a -75 dBm/200 kHz. Activarase a transmisión descontinua ⁽³⁾ na dirección ascendente do sistema de MCV. O avance de temporización ⁽⁴⁾ da EB do buque porase ao valor mínimo.

⁽¹⁾ ACCMIN (RX_LEV_ACCESS_MIN); segundo se describe na norma GSM ETSI TS 144 018.

⁽²⁾ RXLEV (RXLEV-FULL-SERVING-CELL); segundo se describe na norma GSM ETSI TS 148 008.

⁽³⁾ Transmisión descontinua ou DTX; segundo se describe na norma GSM ETSI TS 148 008.

⁽⁴⁾ Avance de temporización; segundo se describe na norma GSM ETSI TS 144 018.